



## Concello de Noia

### ANUNCIO

**Asunto:** aprobación das Bases para a selección do alumno/a traballador/a e persoal do Obradoiro de emprego “Noia-Lousame-Outes 2022”.

Faise saber que con data 12 de agosto de 2022, ditouse a Resolución de Alcaldía número 2022- 2033, aprobando as bases para a selección do alumno/a traballador/a e persoal do Obradoiro de emprego “Noia-Lousame-Outes 2022”; con data 17 de agosto, ditouse resolución de emenda de erro material número 2022-2059 ,cuxo texto íntegro publícase a continuación para xeral coñecemento:

### “ BASES PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO TRABALLADOR/A E PERSOAL DO OBRADOIRO DE EMPREGO NOIA-LOUSAME-OUTES 2022

O obradoiro de emprego **Noia-Lousame-Outes 2022** é un programa mixto de emprego e formación dirixido a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas, subvencionado pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e cofinanciado polo Ministerio de Trabajo y Economía Social, e promovido polo **Concello de Noia conveniado cos concellos de Lousame e Outes**.

A especialidade a impartir é a seguinte:

**- Repoboacións forestais e tratamentos silvícolas (AGAR0208)** (20 alumnos/as)

A distribución por concellos é a seguinte:

- 1. Concello de Noia: 7 alumnos/as**
- 2. Concello de Outes: 7 alumnos/as**
- 3. Concello de Lousame: 6 alumnos/as**

**As actuacións** a realizar para a execución no desenvolvemento do proxecto son as seguintes:

- Parcela da Chainza: Referencia Catastral 8865104NH0386N0001JE, Noia
- Praza de San Lázaro: Referencia Catastral 9366501NH0396N0001KU, Noia
- Campo da Rodas. (\*), Noia
- Praza Sofreixos. (\*), Noia
- Monte do Bolo: Referencia Catastral 9567901NH0396N0001MU , Noia
- Monte do Bolo: Referencia Catastral 9568902NH0396N0001FU , Noia
- Entorno local social da Barquiña: Referencia Catastral 8787901NH0388N0001KF , Noia
- Entorno local social da Barquiña: Referencia Catastral 8787902NH0388N0001RF , Noia
- Campo de fútbol de Pontenafonso: Referencia Catastral 15058A006000360000QA , Noia
- Paseo Marítimo e rúa Antón Avilés: Referencia Catastral 15058A032092000000QU ,





## Concello de Noia

---

### Noia

- Malecóns de Gasset, Cadarso e San Lázaro. (\*), Noia
- Praza de Bergondo: Referencia Catastral 8863401NH0386S0001GA, Noia
- Entorno Local social de Barro: Referencia Catastral 8778128NH0387N000YL, Noia
- Castelo de Nimo: Referencia Catastral 15058A011000600000QG, Noia
- Alameda de Noia. (\*), Noia
- Xardíns Felipe de Castro (\*), Noia
- Praza das Angustias. (\*), Noia
- Praza Campo da Feira (\*), Noia
- PARCELA 001700600NH13E0001PP, A Silva, Lousame.
- PARCELA 15043E505001880000BA, San Finx, Lousame.
- PARCELA 15043E505001890000BB, San Finx, Lousame.
- PARCELA 15043A090002080000XD, San Finx, Lousame.
- PARCELA 15043A115000220000IW, Cesi3n da CCMM Abeix3n-Caranto3a, Lousame.
- PARCELA 15043A115000190000IW, Cesi3n da CCMM Abeix3n-Caranto3a, Lousame.
- PARCELA 15043A122004990000IU, Cesi3n da CCMM Abeix3n-Caranto3a, Lousame.
- PARCELA 15043A065005430000XG, Redullo, Lousame.
- PARCELA 15043D505008580000EA, Entorno Castro da Comparada, Lousame.
- PARCELA 15043A016001160001MK, San Xusto de Toxosoutos, Lousame.
- PARCELA 15043A016001160000XJ, San Xusto de Toxosoutos, Lousame.
- PARCELA 002502300NH14A0001LF, San Xusto de Toxosoutos, Lousame.
- PARCELA 15043A020000810000XP, AGADER, Lousame
- PARCELA 15043A092004810000XO, San Finx, Lousame.
- PARCELA 15043A081001370000XU, San Finx, Lousame.
- Cami3o Santiago, parroquia Cando, Outes
- Cami3o Santiago, parroquia Freixo de Sabardes, Outes
- Cami3o Santiago, parroquia Outes, Outes
- Cami3o Santiago, parroquia Roo, Outes
- Cami3o Santiago, parroquia San Cosme de Outeiro, Outes
- Cami3o Santiago, parroquia San Ourente de Entins, Outes

O obradoiro ter3 unha duraci3n de **12 meses** e formar3 a **20 alumnos/as traballadores/as**. O alumnado traballador/a ser3 contratado, baixo a modalidade de contrato para a formaci3n e o aprendizaxe coas particularidades que establece a disposici3n adicional primeira do Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formaci3n e o





## Concello de Noia

---

aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual, e percibirá as retribucións que lle correspondan de conformidade co previsto na normativa vixente.

Contratarase ao seguinte persoal para o obradoiro de emprego:

- **1 director/a** (xornada completa)
- **2 mestres/as da especialidade de Repoboacións forestais e tratamentos silvícolas** (xornada completa)
- **1 mestre/a de ensino básico** (50 % da xornada)
- **1 técnico/a orientación laboral** (50% da xornada)
- **1 administrativo/a** (xornada completa)

En vista da normativa exposta propónse un sistema de selección que se fundamenta nos seguintes procedementos:

### **Grupo de traballo mixto:**

O grupo de traballo mixto ou comisión de selección estará formado por catro persoas (Presidente/a, Secretario/a e dous Vocais), designadas polos concellos que forman a entidade promotora. A presidencia do grupo de traballo mixto recaerá nunha das persoas designadas polo concello de Noia por ser o concello que representa a entidade promotora. **Ningunha persoa interesada en formar parte do persoal do obradoiro poderá formar parte do grupo de traballo mixto nin auxiliar ao mesmo nas tarefas de selección.**

O grupo de traballo considerarase validamente constituído coa participación nas sesións de traballo de, polo menos, tres dos seus compoñentes.

As decisións do grupo de traballo tomaranse por unanimidade ou pola maioría simple dos membros presentes. A persoa designada como presidente, coa finalidade de dirimir os posibles empates nas votacións, disporá de voto de calidade.

Se, por calquera causa, no momento no que teña lugar as reunións do grupo de traballo mixto, algún dos seus compoñentes non puidera acudir, será substituído/a pola persoa que para o efecto designe o responsable de cada concello que conforma a entidade promotora.

O presente proxecto terá como **data límite prevista para o seu inicio o 19/09/2022**, segundo se establece na Orde do 21 de febreiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (DOG núm. 46, do 8 de marzo de 2022)

### **Procedemento de selección alumnado-traballador/a:**

**Sistema de selección:** Oferta tipo T (Taller de emprego)

**Localidade:** Ámbito dos Concellos de Noia, Lousame e Outes. No caso de non atoparse





## Concello de Noia

---

candidatos/as suficientes, a sondaxe ampliaríase ao resto dos concellos limítrofes, dando prioridade a aqueles concellos que non teñan proxectos de obradoiros de emprego.

**Idade:** 18 ou máis anos.

**Situación Laboral:** Persoas desempregadas, entendéndose nesta situación persoas demandantes de emprego rexistradas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego, sempre que poidan subscribir contrato de formación e aprendizaxe durante toda a duración do obradoiro. Tamén poderán ser preseleccionadas as persoas demandantes de emprego que se atopen na situación de administrativa de suspensión 699 “suspensión específica programas experimentais de emprego”

**Criterios preferentes de selección:** O grupo de traballo mixto deberá aplicar os criterios preferentes de selección que figuran no artigo 11º Orde do 21 de febreiro de 2022 DOG núm 46, do 8 de marzo de 2022, segundo baremo que se xunta.

As persoas candidatas deberán, cando a formación a impartir no proxecto vaia dirixida á obtención de certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 2 ou 3, cumprir cos requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan ditos certificados. (art. 11.1 da orde de convocatoria).

O grupo de traballo mixto poderá excluír do proceso selectivo ás persoas candidatas que tiveran participado anteriormente nunha escola obradoiro ou obradoiro de emprego.

O número máximo de candidatos/as a preseleccionar será determinado polo grupo de traballo mixto, e o mínimo será, se é posible, de 3 por praza. A sondaxe realizarase entre as persoas demandantes con algunha das claves seguintes: **320, 330, 340 ou 370** a partir dos 18 anos.

Unha vez ditada a resolución de concesión de subvención para o obradoiro de emprego, a entidade promotora tramitará a correspondente oferta na **oficina de emprego de Santiago Norte**, para logo proceder á selección definitiva das persoas candidatas polo grupo mixto.

A selección definitiva dos/as 20 alumnos/as será efectuada polo grupo de traballo mixto que realizará en primeiro lugar unha entrevista persoal co obxectivo de valorar o seu interese en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación as singularidades do proxecto formativo. Despois da entrevista aplicará o baremo establecido no anexo I, por medio do que serán avaliadas as circunstancias persoais e profesionais das persoas candidatas remitidas pola oficina de emprego.

As persoas que non presenten a documentación ou que non acudan ás convocatorias das distintas fases do proceso quedarán excluídas.

**Puntuacións provisionais:** A relación provisional das puntuacións outorgadas serán expostas nos taboleiros de anuncios dos concellos que forman a entidade promotora e na mesma





## Concello de Noia

---

resolución figurará o prazo para efectuar reclamacións.

Puntuacións finais: Contratación como alumnos-as/traballadores-as

Unha vez ematado o proceso, a entidade promotora publicará as puntuacións finais das persoas candidatas participantes no procedemento que virán dadas pola suma dos puntos acadados nas diferentes fases do procedemento realizado. Determinarán a orde de prelación, constituíndo a proposta para a súa posterior contratación como alumno/a-traballador/a pola entidade promotora. Elaborarase unha listaxe de reserva segundo a orde de puntuación acadada e, de producirse baixas ou renuncias durante o prazo permitido para incorporar novo alumnado, recorrerase a ela.

O grupo de traballo redactará as correspondentes actas e as remitirá á xefatura territorial acompañada da relación do alumnado admitido e excluído indicando, neste último caso, a causa da súa exclusión.

### **Procedemento de selección do persoal directivo, docente e administrativo de apoio:**

Unha vez ditada a resolución de concesión de subvención para o obradoiro de emprego, a entidade promotora tramitará a correspondente oferta de emprego na oficina de emprego de Boiro, para logo proceder á selección definitiva das persoas candidatas.

O procedemento utilizado consistirá na oferta de emprego, na que se adecuará o perfil das persoas candidatas aos baremos que se achegan nas páxinas seguintes. As persoas candidatas forzosamente deberán estar inscritas na oficina de emprego como demandantes de emprego e terán preferencia aquelas que, en igualdade de condicións de cumprimento do perfil requirido, **se atopen en situación de desemprego** (artigo 12.5).

O grupo de traballo mixto determinará o número máximo de candidatos/as a preseleccionar para cada praza, debendo considerar, na medida do posible, tres candidatos/as por posto.

O ámbito da sondaxe será os concellos de **Noia, Lousame e Outes**, ampliándose, no caso de non se obter o número de candidatos/as suficiente, aos outros concellos **do ámbito territorial da oficina de emprego a que pertencen os concellos promotores** e de ser necesario, a toda a provincia.

As persoas preseleccionadas comunicaráselles a forma, lugar e prazo de presentación da documentación xustificativa dos requisitos de acceso ao proceso selectivo e dos seus méritos (só se vai a ter en conta a documentación que se presente en tempo e forma e non se valorará a documentación que se poida achegar máis tarde). As persoas candidatas preseleccionadas que non cumpran cos requisitos de titulación e experiencia profesional mínima requirida, quedarán excluídas do proceso selectivo, polo que, o seu currículo non será obxecto





## Concello de Noia

---

de baremo.

### **Fases do procedemento selectivo:**

#### 1) Entrevista

Realizarase en primeiro lugar e faranse públicas as puntuacións provisionais nos sitios webs municipais dos concellos que forman a entidade promotora así como na oficina de emprego de Santiago Norte.

Esta fase non é eliminatória, pero quedarán excluídas do proceso as persoas que non se presenten. Consistirá nunha entrevista individual na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria.

De non presentarse á entrevista un número mínimo de 3 candidatos/as por posto o grupo de selección poderá, se o considera necesario, ampliar a sondaxe de oferta para que se poidan presentar máis candidatos/as, quedando a publicación da puntuación da entrevista dos/as candidatos/as presentados en suspenso ata que se fagan as novas entrevistas e publicaríanse as puntuacións provisionais todas xuntas.

#### 2) Valoración de méritos

Consiste na valoración dos méritos achegados polas persoas candidatas, segundo se indica no Anexo II. Faranse públicas as puntuacións provisionais e definitivas nos sitios webs municipais dos concellos que forman a entidade promotora así como na oficina de emprego de Santiago Norte.

### **Criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas:**

Os criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dúas ou máis persoas candidatas en cada unha das fases do proceso selectivo así como nas puntuacións finais, son os seguintes por orde de prelación:

- a. O maior tempo acreditado como desempleado segundo informe da vida laboral
- b. A puntuación acadada nas probas de aptitude e/ou coñecementos, de terse realizado.
- c. A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional.
- d. De estar previstas nas bases, a puntuación outorgada no apartado de experiencia docente.
- e. A puntuación correspondente ás titulacións complementarias.
- f. A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego.





## Concello de Noia

---

g. A puntuación obtida no apartado de cursos realizados.

h. O de maior idade

### **Puntuacións finais e contratación:**

Rematada a derradeira fase, a entidade promotora, a proposta do grupo de traballo, establecerá as puntuacións finais das persoas candidatas participantes no procedemento.

Estas puntuacións virán dadas pola suma dos puntos acadados nas diferentes fases do procedemento selectivo e determinarán a orde de prelación, constituíndo a proposta para a súa posterior contratación pola entidade promotora. Coas persoas restantes que superaron o proceso de selección constituirase unha bolsa de emprego para cubrir posibles vacantes que poidan xurdir. Esta bolsa extinguirase unha vez finalizado o obradoiro.

### **Publicacións e/ou notificacións:**

O grupo de traballo mixto acordará a publicación dos resultados, e tamén a publicación ou notificación, no seu caso, dos demais actos de trámite que poidan afectar aos intereses das persoas candidatas de acordo sempre co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, nos taboleiros de anuncios e páxinas web dos respectivos concellos e na oficina de emprego de Santiago Norte.

### **Incompatibilidade**

O persoal directivo, docente e administrativo de apoio, contratado a través das presentes bases, que causen baixa voluntaria, non poderán acceder ao proceso de contratación doutro obradoiro de emprego desenvolvido ao abrigo da Orde do 21 de febreiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (DOG núm. 46, do 8 de marzo de 2022).



Cod. Validación: 4SDX36CNRXLDTSYKN72C2FZR | Corrección: <https://noia.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 29



## Concello de Noia

### ANEXO I: BAREMO SELECCIÓN ALUMNADO TRABALLADOR

**ENTREVISTA PERSOAL**.....10 puntos

A continuación valoraranse as seguintes aspectos que, para que sexan tidos en conta, deberán ser xustificados coa documentación correspondente:

#### 1- MULLERES

As beneficiarias do programa de inserción laboral das mulleres vítimas de violencia de xénero teñen prioridade absoluta (debe acreditarse documentalmente e as medidas atoparse en vigor)

Mulleres, en xeral.....1 punto

#### 2- IDADE

■ 18 - 29 anos.....4 puntos

■ 30 - 44 anos.....2 puntos

■ 45 ou máis anos..... 3 puntos

#### 3- DISCAPACIDADE (acreditado mediante certificado)

Minusvalía = ou >33 % ..... 1 punto

(\* Deberase acreditar documentalmente a compatibilidade da discapacidade cos traballos a realizar)

#### 4- PROTECCIÓN POR DESEMPREGO

▪ Persoas perceptoras de prestación por desemprego.....2 puntos

▪ Persoas perceptoras de subsidios do Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE) e da Seguridade Social (RAI, SED, e análogas)..... 3 puntos

▪ Persoas non perceptoras.....4 puntos

#### 5- TEMPO EN DESEMPREGO DESDE O ÚLTIMO TRABALLO (segundo informe de vida laboral)

▪ Ata 12 meses.....1 punto

▪ Máis de 12 meses.....2 puntos

▪ Máis de 18 meses..... 3 puntos

▪ Máis de 24 meses.....4 puntos

#### 6- CATEGORÍA PROFESIONAL (no traballo inmediatamente anterior, segundo Informe de Vida Laboral)

• Persoas autónomas e Grupos de cotización de 1 a 7.....1 punto

▪ Grupo de cotización 8 e 9.....2 puntos

▪ Grupo de cotización 10..... 3 puntos

▪ Sen emprego anterior (\*)..... 4 puntos







## Concello de Noia

(\*). Esta situación deberá acreditarse cun certificado negativo de vida laboral emitido pola Seguridade Social.

**7- PERTENZA A COLECTIVOS DESFAVORECIDOS OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL** (acreditado mediante certificado de Servizos Sociais do correspondente concello ou da entidade e/ou organismo que corresponda.)

- Persoas beneficiarias da Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA) e aquelas persoas as que lle fose denegada unha solicitude, ben por falta de período esixido de residencia ou empadramento, ou ben por esgotar o período máximo de percepción legalmente establecido; persoas drogodependentes rehabilitadas acreditadas, ex -reclusos/as, persoas que abandonaron o exercicio da prostitución, traballadores/as inmigrantes residentes da comunidade, emigrante retornados con graves necesidades familiares ou persoais, mulleres procedentes de casas de acollida con problemas de inserción laboral, persoas que estivesen ata a súa maioría de idade baixo a tutela ou garda da Administración autonómica, e persoas que formen parte de minorías cuxas características poidan condicionar as súas posibilidades de integración social..... 1 punto

**8- FORMACIÓN ACADÉMICA** (a titulación máis alta. A puntuación non é acumulativa)

- Ata graduado en ESO.....3 puntos
- Bacharelato/BUP/FP Ciclo medio .....2 puntos
- Títulos universitarios e de FP/Ciclo Superior.....1 punto

**9- RESPONSABILIDADES FAMILIARES** (acreditado documentalmente co certificado correspondente)

Entenderase por fillo/s os menores de 25 anos a cargo ou maiores incapacitados ou menores acollidos.

1. Familia numerosa..... 1 punto
2. Familia monoparental con fillo/s..... 1 punto

**10- OUTROS**

- Por ter prevista a realización deste tipo de medidas no seu Itinerario Profesional de Inserción (IPI) e terán que ter asinado o compromiso de actividade antes da data de concesión de subvención, 21/07/2022..... 2 puntos

**11- Puntuación final:**

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas pola entrevista e os méritos acreditados. No caso de empate será de aplicación o recollido no artigo 15 da circular, con data 26/04/2022, facilitada pola





## Concello de Noia

---

Dirección Xeral de Formación e Colocación, sendo os seguintes para dirimir os posibles empates os seguintes:

- O maior tempo acreditado como desempleado.
- A puntuación acadada nas probas de aptitude e/ou coñecementos, de terse realizado.
- A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional.
- A puntuación correspondente ás titulacións complementarias.
- A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego.
- A puntuación obtida no apartado de cursos realizados.
- O de maior idade.

### 12- DOCUMENTACIÓN

Para participar no proceso selectivo deberá figurar na listaxe remitida pola oficina de emprego e presentar a copia da documentación relativa a requisitos específicos e circunstancias persoais que se relaciona a continuación. As persoas aspirantes deberán acudir a entrevista provistas de DNI ou documento identificativo válido en vigor:

- DNI (copia)
- Informe de vida laboral. No caso de persoas que nunca estiveran dadas de alta na Seguridade Social, debe solicitarse igualmente o informe que acredite esta situación na Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- Xustificante, de ser o caso, de ter unha discapacidade igual ou superior ao 33%
- Xustificante de ser receptor/a ou non dunha prestación ou subsidio.
- Copia da titulación académica.
- Informe, de ser o caso, dos servizos sociais do concello respectivo ou da entidade/organismo correspondente de pertencer a colectivos en risco de exclusión social.
- Responsabilidades familiares (título de familia numerosa ou acreditación documental de ser familia monoparental con fillo/s a cargo, de ser o caso)
- Xustificante de participación en IPI, de ser o caso.



Cod. Validación: 4SDX36CNRXLDTSYKN72C2FZR | Corrección: <https://noia.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 29



## Concello de Noia

### ANEXO II: SELECCIÓN DE PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE E DE APOIO

#### BAREMO PARA A SELECCIÓN DUN/HA DIRECTOR/A

##### **FUNCIÓNS:**

Encargarase da coordinación xeral do obradoiro de emprego, e dos medios humanos e materiais, sendo a persoa responsable das relacións co exterior: Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, entidade promotora e empresariado. Levará a cabo a xestión e a supervisión económica do proxecto, así como das actuacións e servizos que se desenvolvan no mesmo.

Así mesmo coordinará e supervisará os aspectos técnicos e formativos do proxecto e do traballo administrativo, e responsabilizarase de que se imparta a formación en prevención de riscos laborais. Será contratado/a a xornada completa.

En xeral estará encargado/a do bo funcionamento do Obradoiro, e ,concretamente, de:

- Elaborar, xunto co equipo docente, a proposta do plan de actuacións.
- Impartir a formación correspondente ao módulo de Sensibilización medioambiental.
- Presentar ante a Xefatura Territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e ante os concellos de Noia, Lousame e Outes as memorias periódicas e finais, os datos da xestión orzamentaria da execución das obras, e a preparación da información e documentación necesaria para a compra ou alugueiro de material ou maquinaria.
- Coordinar a programación didáctica, de conformidade co plan formativo do proxecto e o certificado de profesionalidade.
- Supervisar a formación do alumnado-traballador/a e a labor educativa do persoal docente.
- Controlar o cumprimento das obrigas de todo o persoal do obradoiro, asistencia, puntualidade, comportamento no posto de traballo; todo en consonancia co regulamento de dereitos e deberes do alumnado.
- Propoñer, organizar e coordinar as actividades complementarias de carácter formativo do alumnado-traballador/a.
- Velar polo cumprimento das normas de seguridade e saúde no traballo, encargando ao resto do persoal docente e de apoio o control directo do cumprimento de tales normas.
- Coordinar tódalas accións formativas do obradoiro, apoiando ós mestres na elaboración e docencia da programación de formación ocupacional.
- Supervisar o cumprimento (tanto por parte do alumnado como do equipo docente e administrativo) das medidas de seguridade e prevención de riscos.





## Concello de Noia

---

### **REQUISITOS MÍNIMOS:**

Nivel académico e experiencia profesional: Titulación universitaria, con inclusión das titulacións en grao (indicarase na oferta de emprego a máis axeitada ao obradoiro e a experiencia profesional mínima requirida). Preferentemente: **Enxeñeiro/a de montes, Enxeñeiro/a forestal ou similares.**

### **ENTREVISTA PERSOAL:**

Valorarase as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Puntuarase ata un **máximo de 8 puntos**. A entrevista persoal realizarase con anterioridade a baremación do currículo e NON terá carácter eliminatorio.

### **VALORACIÓN DO CURRÍCULUM**

#### **Titulación académica:**

- Titulación universitaria ou equivalente relacionada coa que se oferte como máis axeitada ao obradoiro: licenciatura ou grao, 1,5 puntos; diplomatura universitaria, 1 punto.
- Máster universitario relacionado, ata 500 horas: 0,75 puntos; máis de 500 horas: 1 punto
- Doutoramento, relacionado: 1,25 puntos
- Título de técnico/a superior da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0,30 puntos.
- Título de técnico/a da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0,15 puntos.

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible **2 puntos**.

A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante. As titulacións avaliáveis teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver dentro do obradoiro.

#### **Experiencia profesional:**

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 5 puntos.

- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,25 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 4 puntos.

No caso de requirirse experiencia profesional mínima para o acceso ao proceso, terase unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de **9 puntos**.





## Concello de Noia

---

### Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 49 horas lectivas: 0,10 por curso
- Cursos de 50 a 99 horas lectivas: 0,20 por curso
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas: 0,30 puntos por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos, etc, non será obxecto de puntuación.

No caso de cursos con contidos similares só será puntuable o curso con máis horas lectivas realizado.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos é de **2 puntos**.

### Coñecemento do idioma galego:

- Celga 3, validación ou equivalente: 0,5 puntos
- Celga 4, validación ou equivalente: 0,75 puntos
- Celga 5: 1 punto

Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga)

A puntuación máxima a obter por este apartado será de ata **1 punto**.

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística dependente da Presidencia da Xunta de Galicia.

De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o de maior nivel.

### DOCUMENTACIÓN

As persoas aspirantes deberán acudir provistas de DNI ou documento identificativo válido en vigor sempre que sexan convocadas para cada fase do proceso.

Para acreditar os méritos será necesario presentar a documentación segundo se indica:

- A titulación académica, que se xustificará co correspondente título académico oficial.
- O apartado de formación acreditarase coa presentación de titulacións, certificacións de asistencia ou diplomas expedidas polo organismo ou centro correspondente; deben ser outorgadas ou impartidas por universidades e centros de formación públicos, administracións públicas, escolas oficiais da administración pública, colexios oficiais ou incluídos nos plans de formación continua. Deben constar o número de horas, as datas de celebración e os contidos impartidos. No caso de que se participara en varias accións formativas sobre a





## Concello de Noia

---

mesma materia, só se terá en conta a de maior duración.

- A experiencia profesional, que deberá xustificarse:
  - ✓ Traballo por conta allea: Será necesario presentar informe de vida laboral expedido pola Administración da Seguridade Social, que se acompañará de copia de contratos, certificado de empresa ou outro documento onde se especifique a categoría profesional e o tempo efectivamente traballado. Non se terán en conta as experiencias que non figuren no informe de vida laboral.
  - ✓ Traballadores autónomos: Será necesario presentar informe de vida laboral expedido pola Administración da Seguridade Social no que se especifiquen os períodos de alta na Seguridade Social no réxime especial correspondente e descrición da actividade desenvolvida, así como a alta no IAE (actualizada). Ademais, xustificarse o traballo efectivo no período de alta na SS coa presentación de facturas, libros de contas ou calquera outro medio válido en dereito no que consten os servizos prestados. Non se terán en conta as experiencias que non figuren no informe de vida laboral.
- Acreditación do coñecemento de galego: co título de CELGA ou a correspondente validación ou equivalente.





## Concello de Noia

### BAREMO PARA A SELECCIÓN DE MESTRES/AS DA ESPECIALIDADE

#### **FUNCIÓNS:**

As persoas candidatas seleccionadas encargaranse de impartir a formación correspondente aos seus oficios e de actuar como mestres/as da súa especialidade nas obras ou actuacións que se leven a cabo como práctica profesional dos/as alumnos/as traballadores/as.

Serán contratados **2 mestres/as da especialidade de Repoboacións forestais e tratamentos silvícolas (AGAR0208) a xornada completa.**

As funcións a desenvolver serán, entre outras:

- Elaborar, xunto co/a director/a, a programación didáctica das respectivas áreas ou módulos formativos do certificado de profesionalidade.
- Desenvolver, cumprir e impartir o programa formativo na aula e nas obras a executar, incluíndo a preparación previa dos contidos teórico-prácticos e a realización das actividades relacionadas cos contidos.
- Responsabilizarse da aprendizaxe do alumnado-traballador/a, de todas as normas en xeral, do regulamento de réxime interno e das normas de seguridade e saúde en particular.
- Controlarán a asistencia, puntualidade, actitude e rendemento do alumnado-traballador/a, notificando á dirección do obradoiro das incidencias que se produzan.
- Responsabilizarse do mantemento, conservación e custodia dos materiais, ferramentas e maquinaria que lles sexan asignados, así como a organización da aula-taller e espazos de execución dos traballos.
- Cursarán á dirección do obradoiro as solicitudes de compra de materiais, ferramentas e maquinaria necesarios para o normal desenvolvemento da súa actividade.
- Contribuirán á orientación profesional e laboral do alumnado traballador/a.
- Supervisar (tanto nos contidos teóricos como en obra) que o alumnado cumpra as medidas de seguridade e prevención de riscos.

#### **REQUISITOS MÍNIMOS:**

